PARÍS, DISTRITO 13
[*Les Olympiades*, Jacques Audiard, 2021, Francia, 106', VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección **Jacques Audiard**
Guión **Céline Sciamma, Léa Mysius e Jacques Audiard, sobre tres historias de Adrian Tomine**
Montaxe **Juliette Welfling** Fotografía **Paul Guilhaume**
Son **Hortense Bailly** Música **Rone**
Elenco **Lucie Zhang, Makita Samba, Noémie Merlant, Jehnny Beth, Geneviève Doang, Lumina Wang, Camille Berthomier, Line Phé, Pol White, Lily Rubens, Anaïde Rozam, Camille Léon-Fucien**
Produtora **Page 114, France 2 Cinema, Canal+, Ciné+, France Télévision, Cofinova 17 (Francia)**
Distribución **Wanda Films**

París, distrito 13. Émilie coñece a Camille, que se sente atraído por Nora, que, á súa vez, se cruza no camiño de Amber. Tres mozas e un rapaz. Son amigos, ás veces amantes e, a miúdo, as dúas cousas.

Cannes 2021 Sección oficial **Sevilla 2021** Mellor actriz: Lucie Zhang

---

VINDEIRAS SESIÓNS OUTUBRO

LUNS 10
QUEN TEME O HOME DO SACO
(Helke Misselwitz, 1989)

MARTES 11
CINCO LOBITOS
(Alauda Ruiz de Azúa, 2022)

MARTES 18
PARA CHIARA
(Jonas Carpignano, 2021)

LUNS 24
REGRESO A REIMS
(Jean-Gabriel Périot, 2021)

MARTES 25
MEMORIA
(Apichatpong Weerasethakul, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA

FS #162
4.10.2022

PARÍS, DISTRITO 13
JACQUES AUDIARD

CINECLUBE PONTEVEDRA

DECLARACIÓNS DO DIRECTOR

Como punto de partida estaban os tres relatos gráficos de Adrian Tomine (*Amber Sweet*, *Killing and Dying* e *Hawaian Getaway*). Gostei da súa brevidade, da súa profundidade discreta, dos personaxes repletos de fantasía e melancolía, do uso tan hábil da elipse e, por último, de como consideran que cada ser humano é un pequeno abismo insondable. Antes dese punto de partida, levaba tempo querendo escribir unha comedia e ao vencellala coa obra de Tomine tiven a posibilidade de escribir unha historia flutuante que reflectise os seus personaxes: un filme construído con discreción, mais cuxos heroes non paran de falar.

Moi ao principio, estaba o filme de Rohmer *A miña noite con Maud* e, sen sabelo, o desexo de facer algún día un filme sobre o discurso amoroso. Máis exactamente: sobre cando e como se fala do amor hoxe en día. No filme de Rohmer, dous homes e unha muller, mais sobre todo un home e unha muller, pasan toda unha noite falando: deles mesmos, naturalmente, mais tamén de Deus, de Blaise Pascal, da neve que cae, da vida provinciana, do encanto das mozas católicas... Finalmente, os sinais dunha atracción mutua fican descubertos e malia que deberan caer un nos brazos do outro e amárense, non o fan. Por que? Porque todo está dito e a sedución, o erotismo e o amor canalizáranse a través das palabras. Darlle unha continuación sería superfluo.

Como se desenvolvería esta situación hoxe en día, cando ocorre todo o contrario? Que acontece realmente na nosa era do Tinder e de ter sexo na primeira cita? Hai cabida para un discurso amoroso nesas condicións? Si, por suposto, non hai dúbida. Mais, en que intre entra en xogo o discurso amoroso? Cales son as verbas, cales os protocolos? Este é un dos principais fíos narrativos de *París, distrito 13*.

ENTREVISTA A JACQUES AUDIARD

Por que escolliches *Les Olympiades* como título francés do filme? Olympiades é un barrio de rañaceos no centro do distrito 13 de París, entre a rue de Tolbiac e a avenue d'Ivry. Xurdiu a partir dun programa de rehabilitación que tivo lugar nos anos 70, de aí que a súa homoxeneidade arquitectónica sexa moi visible. Como tributo aos Xogos Olímpicos de Inverno de 1968 en Grenoble, cada torre leva o nome dunha cidade que acolleu os Xogos Olímpicos: Sapporo, México, Atenas... e as rúas levan o nome dos deportes olímpicos: rue du Javelot, rue du Disque. É un barrio moi orixinal, exótico e animado cunha impresionante mestura social e cultural. Alí viven os personaxes do filme e alí é onde se cruzan os seus camiños. O termo 'olympiades' é tamén unha referencia ás fazañas atléticas, e se pensas en termos luxuriosos, tamén pode referirse aos logros sexuais dos personaxes.

O guión é unha adaptación de tres relatos do escritor estadounidense de novelas gráficas Adrian Tomine. Que che gustou do seu universo? A narrativa de Tomine é concisa, pegada á realidade, con personaxes perdidos e na procura de algo que non saben definir. Gostei de todos estes aspectos. Ademais, os seus deseños son moi sinxelos e impactantes, non distraen da narrativa e parecen feitos para o cinema, casi coma un *storyboard*. Na liña de Rohmer, Tomine tamén é un moralista: ao final deses relatos, parece que os seus personaxes aprenderan algo sobre a vida e sobre si mesmos.

O filme, moi próximo á realidade actual, rodouse en branco e negro. Pode que vaia contra a lóxica mais dálle un aspecto intemporal. Rodei bastantes veces en París e penso que non é unha cidade fácil de filmar: semella demasiado un museo, é *haussmanniana* de máis, non hai abondas perspectivas nin liñas... Escoller o distrito 13 e rodar en branco e negro permitiume conseguir algo máis gráfico, algo que non coincide co que agardas de París. Filmamos esta cidade europea case coma se fose unha metrópole asiática. Poderíase dicir que *París, distrito 13* é en certo sentido un «filme de época contemporáneo».

Hai un só momento que se filma en cor. Si, cando Amber Sweet, a *cam girl*, aterra na historia e introduce a pornografía. Só podes ver a Amber na pantalla do computador ou do teléfono. Ela vive lonxe de París pero é a personaxe máis influínte da historia. Pon a vida de Nora patas arriba e, por un efecto dominó, ela muda tamén as vidas de Camille e Emilie.

Como escolliches os actores e como foi o teu traballo con eles. Christel Baras, a directora de *casting*, foi fundamental na elección. Atopar a Lucie, Makita, Noémie e Jehnny é mérito seu. Como cada membro do reparto tiña un nivel de experiencia distinto, traballamos moito na preprodución: por suposto nos ensaios, mais tamén en sesións concretas de traballo físico e de movementos para afrontar as escenas de sexo coa maior serenidade posible. Tres días antes de que comezase a rodaxe do filme repasamos todo o guión de principio a fin nun teatro de París. Foi unha oportunidade para que os actores se coñecesen, para que se visen nos seus papeis e tivesen unha idea do que funcionaba e o que non, e tamén para crear un ambiente de confianza. Ademais, como lle dedicaramos tanto tempo a ensaiar, tiñamos a certeza de que a rodaxe sería rápida e polo tanto limitaría a nosa exposición á Covid.

Publicado en wandafilms.com.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.